

## PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS XERAIS DE AVALIACIÓN EN BACHARELATO CURSO 2023-2024

Teranse en conta os seguintes procedementos:

- Observación directa do profesor/a.
- Corrección do profesor/a.
- Observación do resto do grupo/aula.
- Corrección entre o alumnado.
- Autoavaliación do propio alumno ou alumna.

Teranse en conta distintos instrumentos:

- Probas obxectivas ou exames, ben orais ou escritas que , nalgúns casos, poderán realizarse sen aviso previo ao alumnado para comprobar a asimilación de coñecementos e o bo desenvolvemento dos contidos curriculares.
- Exames ou traballos sobre libros de lectura obrigatorios. Os traballos teranse que entregar no prazo fixado, só se recollerán fóra de prazo se está debidamente xustificadas.  
Traballos monográficos.  
Exercicios de resumo e de redacción.  
Expresión escrita, con especial interese pola puntuación e a exposición coherente das ideas.
- Participación na clase: terase en conta a participación activa do alumnado na clase.  
Expresión oral.  
A avaliación debe basearse na continua observación dos alumnos e alumnas; deste xeito o docente poderá valorar o esforzo, o progreso e os posibles problemas con que se poida atopar o alumnado

### 12. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN EN BACHARELATO

- Probas escritas específicas: unha como mínimo por avaliación que contarán un: **80%**
- Traballo diario: tarefas realizadas ( ben na casa ou na aula) traballo voluntario, interese amosado na clase, actitude positiva cara á materia, expresión oral.... :**10%**
- A lectura dos libros acordados como obrigatorios e as actividades propostas sobre el ( ben escritas ou orais): **10%**
- Faranse dous exames cos contidos específicos de cada trimestre (en 1º de Bach no 1º trimestre poderase realizar un só. En 2º de Bacharelato xeralmente un de lingua e sociolingüística e outro de literatura) Os contidos gramaticais poderán ser avaliados ao longo do curso.
- O resultado da media aritmética das diferentes probas debe ser igual ou superior a 5.
- A nota final será a media aritmética das tres avaliacións.

- Poderase facer unha recuperación voluntaria por avaliación.
- Aqueles alumnos que ao finalizar o curso teñan suspenso unha avaliación terán unha nova opción a recuperala na proba final de curso de non acadar a media aritmética de 5.
- Nas probas obxectivas e traballos escritos aplicarase o sistema de desconto por faltas establecido polo grupo de traballo das probas ABAU, aínda que o alumnado non poderá suspender a materia só por faltas ortográficas.

O cálculo levarase a cabo segundo a seguinte clasificación:

  - Moi graves: solucións que son alleas ao sistema lingüístico do galego, como tempos compostos, mala colocación dos clíticos, etc. Descontarase 0,2 puntos por cada un.
  - Graves: solucións ortográficas contrarias á norma lingüística (b/v, h, y, etc.) e acentuación diacrítica. Descontarase 0,1 punto por cada un.
  - Leves: solucións galegas alleas ao estándar vixente e acentuación non diacrítica. Descontarase 0,05 puntos por cada un.
- O alumnado que durante calquera proba obxectiva sexa sorprendido copiando terá unha cualificación negativa de cero nesa proba.
- O *exame extraordinario de xuño* é unha proba na que o alumnado demostrará os coñecementos dos contidos mínimos e non se terán en conta as cualificacións obtidas durante o curso. Considerarase superada a materia cando se obteña unha cualificación igual ou superior a 5.
- Os exames constarán dun apartado teórico e dun apartado práctico ( de acordo cos estándares de aprendizaxe avaliábeis). En 1º e 2º de Bacharelato divídese a materia en dous bloques: lingua e sociolingüística e literatura, (agás na 1ª avaliación de 1º de bacharelato). Nas probas escritas aparecerán preguntas teóricas para valorar os seus coñecementos de sociolingüística e literatura ao mesmo tempo que a súa expresión e redacción. Nos exames específicos de lingua as preguntas irán destinadas a demostrar os coñecementos gramaticais que correspondan aos contidos desa avaliación.